

6. Desigualdade e desenvolvimento sustentável. Non hai planeta B

Para comezar

- Como definirías desenvolvemento? E subdesenvolvemento?
- Que significa para ti “sustentabilidade”?
- Enumera os conflitos internacionais actuais que coñezas. Cales poden ser os motivos?
- Cales son os problemas máis graves do mundo actual, a nivel económico?
- Que desigualdades sociais identificas ao teu arredor?

Recursos suficientes mal distribuídos

A humanidade vive nun planeta con recursos finitos. Desde a Revolución Industrial, a tendencia foi a súa sobreexplotación continua. En consecuencia, o risco de esgotamento medra ano tras ano.

Fomos quen de remover sedimentos e mudar o ritmo de quecemento global. Fomos quen de explotar materias primas e esgotar recursos. Desde finais do século XX, moitas voces intelectuais, institucionais e movementos sociais apelan á necesidade de garantir a sustentabilidade, simplemente para que poidamos seguir vivindo na Terra.

Ademais da sustentabilidade, tamén a humanidade debe avanzar cara a unha máis equitativa distribución da riqueza. Aínda que avanzamos cara a unha maior igualdade, quedan moitos desequilibrios por resolver. Por iso, nesta unidade falaremos en

esencia do desenvolvemento sustentable e da distribución da riqueza no mundo actual.

O noso proxecto



O noso proxecto

A sustentabilidade é un dos obxectivos esenciais da ONU dentro do horizonte 2030.



Máis desigualdade social



A pandemia de COVID-19 ten actuado como freo á progresiva confluencia cara á igualdade social e económica entre países e sociedades. As empresas e persoas máis ricas non perderon cartos co freazo de consumo xerado pola pandemia —ou recuperaron rapidamente o pulo do crecemento—, unha vez que as medidas de incentivación económica foron postas en marcha polos Estados. Porén, as persoas con dificultades económicas viron aumentar a súa dependencia e descender os seus ingresos por mor da paralización da actividade económica.

Un enganoso descenso da contaminación



Durante uns meses, a ralentización da produción e do consumo permitiu un descenso das emisións de gases tóxicos á atmosfera. A cancelación de voos, a redución do tráfico automobilístico e a diminución do ritmo das empresas levaron a unha menor contaminación atmosférica global. Mais o quecemento climático global non parou en 2020: a recuperación progresiva da economía devolveunos ao escenario de crecemento continuo da temperatura media terrestre. Incluso as partes por millón de dióxido de carbono na atmosfera acadaron o seu récord máximo en ano de pandemia.

A esperanza das xeracións futuras



Cada Estado, cada rexión, cada sociedade, deben velar pola sustentabilidade como un ben precioso polo que loitar de cara ás xeracións futuras. A xente nova é responsable de traballar polo futuro con movementos reivindicativos como *Fridays For Future* ou tratando de frear o seu impacto sobre o planeta. Un cálculo necesario do noso impacto sobre o planeta Terra vén da man de saber cal é a nosa pegada ecolóxica.

Nesta unidade estudarás o desenvolvemento sustentable, a pegada ecolóxica e as desigualdades económicas a diversos niveis.

Propoñémosche que traballes estes tres conceptos a partir dunha serie de actividades individuais e de grupo. Imos aló!

Cal é a tarefa?

Actividade 1. Que pegada ecolóxica deixo ao meu paso?

- a. Comezarás calculando de xeito individual a túa pegada ecolóxica para poñela en común co grupo. Así saberedes que lugar ocupades e poderedes reflexionar sobre as vosas accións de consumo. Para calcular a vosa pegada ecolóxica poderedes visitar [esta web](#) e cubrir a breve enquisa que se vos solicitará. Ao final, obteredes o resultado de cantos planetas Terra se precisarían se todo o mundo tivese o voso estilo de vida.
- b. Cos datos obtidos, realizaredes un gráfico medio sobre o voso grupo-aula, de cara a publicar un breve texto na revista dixital final. Poderedes, nese artigo, comparar o voso resultado con resultados globais de modo de vida como os [destes exemplos](#).

Cal é a tarefa?

Actividade 2. ODS para todos e todas. Traballo visual e análise de artigo

- a. Agora ides traballar co voso equipo na elaboración dun cartel que recolla os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable propostos pola ONU. Farédelo de forma sintética, preferiblemente a través dun *visual thinking* deseñado a man, a tamaño folio e en formato horizontal. Debedes utilizar como lema unha frase que non coincida coa enunciada pola organización, senón que sintetice as informacións das que dispoñedes na [súa web](#).
- b. Le con atención, de xeito individual, o seguinte [artigo](#) aparecido en 2021 na prensa, a raíz da política de descarbonización (redución das emisións de dióxido de carbono á atmosfera) emprendida en España e outros países europeos, coa progresiva substitución das enerxías fósiles polas renovables. Deberás facer unha recensión para a revista que recolla as ideas esbozadas no artigo.

Actividade 3. Elaboración dunha infografía sobre as desigualdades en pandemia

Por último, analizaremos o incremento das desigualdades en tempos da Covid-19. Propoñémosche que, xunto ao teu equipo, realices unha infografía —podes utilizar Canva ou outras webs semellantes— que reflecta os resultados do informe da ONU sobre Desenvolvemento Sustentable 2021, cuxas [conclusións](#) podedes consultar. A infografía debe incidir nas problemáticas e ofrecer solucións.

Podes avaliar o teu traballo e o do teu equipo con esta rúbrica de autoavaliación e

coavaliación.

Recursos naturais e desenvolvemento sustentable



A Terra sobrevivirá, pero o noso mundo non.

Ana María Alonso Zarza



Detrás desta frase da xeóloga Ana María Alonso Zarza escóndese a preocupación por manter o equilibrio entre os recursos do planeta que habitamos e o noso impacto sobre el.

Desde hai uns anos, as voces expertas veñen falando do Antropoceno, un período que se estende desde mediados do s. XX ata os nosos días. As actividades humanas modelan de tal xeito o espazo xeográfico que temos de falar dun período xeolóxico marcado pola nosa presenza.


Os recursos naturais son finitos

O planeta Terra soporta unha poboación crecente que fai un uso intensivo dos recursos naturais. O risco de esgotamento dos mesmos é evidente. Velaquí algúns

exemplos:

1. O **consumo de auga doce**, destinada nun 70% á produción de alimentos, pon en perigo a rexeneración dos acuíferos subterráneos. Hai signos de esgotamento dos mesmos no medio oeste norteamericano, no norte de China ou nas chairas indoganxéticas da India e Paquistán. Ao mesmo tempo, por mor do cambio climático, os glaciares das altas montañas retroceden: a acumulación de auga doce nas cabeceiras das grandes cuncas diminúe.
2. A **perda de** biodiversidade é consecuencia da presión humana sobre o medio. Especies como os osos polares poden desaparecer pola realidade do **cambio climático antropoxénico**. A **sobrepesca** esgota os recursos mariños. A **deforestación** cébase coa selva amazónica. Algúns científicos e científicas xa consideran que estamos en plena **sexta extinción masiva** de especies.
3. O uso masivo de **combustibles fósiles** —enerxías non renovables— aumenta o nivel de contaminación atmosférica. Eses combustibles —petróleo, gas, carbón— son esgotables e tardarán millóns de anos en repoñerse. A necesaria substitución destas fontes de enerxía por outras renovables é un proceso xa en marcha nos países máis desenvolvidos.
4. Os **recursos minerais** necesarios para o funcionamento da nosa industria son tamén limitados. Algúns, como as **terras raras** (lantano, cerio, escandio, prometio, erbio,...), son ben escasos; a súa concentración favorece, moitas veces, a determinados estados que as explotan nun réxime case monopolístico. Ademais, a **megaminaría** altera notablemente o espazo xeográfico.

Pese a todas as evidencias, hai quen aínda nega o cambio climático. Que din os datos?





UN FRAGMENTO DE HISTORIA

A pegada do ser humano sobre o planeta e os ecosistemas é innegable. Así o evidencia David Farrier na súa obra *Huellas*, na que combina Historia e Ecoloxía desde un punto de vista optimista. Que podemos aínda facer ao respecto?



Crese que os humanos modificaron máis da metade da superficie terrestre do planeta dun xeito ou outro. As estradas teñen posibilitado a explotación de rexións remotas ao propiciar a súa conexión con centros urbanos ou industrializados. (...)

Se todo o material removido pola xeomorfoloxía humana ata a data se amontoase nun só lugar, formaría unha montaña de 4000 m de altura, 40 km de ancho e 100 km de lonxitude. A finais do s. XXI teremos removido tanta pedra e sedimentos en 150 anos como en cinco milenios antes. (...)

Pode que esteamos achegándonos a un punto crítico no que pasamos de ecosistemas que favorecen a proliferación de peixes a mares dominados por medusas. (...)

Traducido e adaptado de David Farrier. *Huellas*. Ed. Crítica, Barcelona, 2021.



Detrás da problemática da explotación dos recursos naturais está o incremento continuo da poboación mundial. Este crecemento acelera a demanda de recursos e o consumo dos mesmos. A pegada humana sobre o planeta causou, ademais, un enorme impacto desde a Revolución Industrial. En consecuencia, a contaminación atmosférica aumentou e o quecemento global pode levarnos a unha serie de consecuencias nefastas para a vida no planeta.

Que é o desenvolvemento sustentable?

O desenvolvemento sustentable é aquel desenvolvemento capaz de satisfacer as necesidades actuais da poboación sen comprometer os recursos das xeracións futuras. Implica, polo tanto:

- **Sustentabilidade social:** hai que manter a calidade de vida global, buscando a igualdade nos eidos educativo e sanitario para toda a poboación.
- **Sustentabilidade ambiental:** a natureza non é unha fonte inesgotable de recursos. Hai que velar pola súa protección e un uso racional da mesma.
- **Sustentabilidade económica:** debemos impulsar o crecemento económico e unha mellor distribución da riqueza.

A expresión aparece citada por primeira vez no informe Brundtland (1987), no que a ONU alertaba das consecuencias negativas do desenvolvemento económico e a globalización. Tratábase tamén de dar solución aos problemas derivados da industrialización e do crecemento demográfico.

Para acadar os obxectivos do desenvolvemento sustentable será necesaria tamén unha boa **gobernanza**. Isto é, o Estado, a sociedade civil e o mercado deben manter un equilibrio axeitado; os tres piares deben contrapesarse e participar na xestión económica e política.



Sabías que...?

Hai tempo que a ONU non mide a riqueza dos Estados unicamente a través do PIB. A riqueza dun Estado non é só económica, tamén ten que apelar a factores demográficos e educativos. Por iso, desde 1990, a ONU emprega o IDH para comparar a riqueza dos Estados. O **Índice de Desenvolvemento Humano** é un indicador que mide o avance dun país en función de tres dimensións básicas do desenvolvemento: a esperanza de vida ao nacer; a taxa de alfabetización e estudos da poboación dun país; o PIB per cápita de cada Estado, que sinala o poder adquisitivo en cada país (para o que se fai a paridade co dólar norteamericano).

Nesta senda, a propia ONU ten realizado máis recentemente “[mapas da felicidade](#)” no mundo, que avalían este aspecto a partir de enquisas. O IDH, por contra, mídese con datos oficiais dos indicadores dos respectivos Estados.

Á hora de identificar un país sustentable debemos fixarnos na súa protección medioambiental, no uso de enerxías alternativas, a capacidade de reciclaxe e de reutilización no uso de recursos... Algúns dos países máis sustentables do mundo son os do Norte de Europa (Dinamarca, Suecia, Finlandia) e Francia, segundo [índices internacionais](#).

Galicia, por exemplo, é sustentable á hora de considerar a súa produción de enerxías renovables, que en 2020 superou o 100% da demanda interna de electricidade. Pero a sustentabilidade ten que contemplar tamén a protección de ecosistemas singulares e a distribución o máis equitativa posible da riqueza. Segundo [datos do IGE](#), a distribución da riqueza é máis equitativa cada ano, se ben a fenda entre poboación rica e empobrecida aumenta.

A sustentabilidade ten moito que ver con conservar os recursos do noso planeta. Tal e como se puxo de manifesto nun dos lemas das mobilizacións *Fridays for future*, inspiradas pola activista Greta Thunberg desde verán de 2018, “**non hai planeta B**”. Isto é, debemos manter a Terra como o noso recuncho habitable. Próxima B, un exoplaneta que podería ter condicións de habitabilidade para a nosa especie, atópase a máis de 7 millóns de km de nós. Moi lonxe!

Para seguir gozando da Terra como planeta habitable, a poboación —especialmente a dos países desenvolvidos— debe reducir a súa **pegada ecolóxica**. O impacto individual ten consecuencias globais, a nivel de consumo de enerxía, transporte, reciclaxe,... Cada ano desde 1969 conmemoramos o Día da Terra o 22 de abril, para lembrarnos que —se consumísemos segundo o modelo norteamericano— farían falta case cinco planetas Terra para sobrevivir. A superficie media que precisa cada persoa para producir o que consome é de aproximadamente 2 Ha, mais con notables contrastes rexionais, como podes ver nesta infografía que reflicte a [pegada ecolóxica mundial](#).

A economía circular

Diante da necesidade de evitar o colapso na produción de materias primas é preciso **reducir** o consumo de bens, **reutilizar** e **reaproveitar** os residuos. Unha idea básica da sustentabilidade esixe propoñer a idea da **economía circular** como modelo a seguir. O Parlamento calcula que cada europeo consome de media 14 toneladas de materias primas e xera 5 toneladas de refugалlos. Reciclar convértese nunha necesidade básica, mais non suficiente.

Podedes ver este [vídeo](#), entre os minutos 2.15 e o 9.30 explícase a necesidade de pasar dunha economía lineal a unha circular, e a importancia dos 7R.



Reaproveitar recursos esixe que envases e produtos estean adaptados á reutilización, mais tamén cambiar o modelo de consumo e de sociedade. Precísase por parte de todo o mundo —especialmente por parte dos países máis desenvolvidos— a responsabilidade de reducir o **consumismo** e o impacto ambiental. En suma, ir cara ao desenvolvemento sustentable.

Os ODS

O desenvolvemento sustentable está lonxe de ser unha realidade no mundo. É un obxectivo que leva na axenda das organizacións nacionais e supranacionais, polo menos, desde o cumio sobre o Medio Humano celebrado en Estocolmo en 1972. A loita da ONU por acordar entre todos os países os obxectivos do desenvolvemento sustentable renovouse no Cumio da Terra de Río de Xaneiro (1992) e na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Desenvolvemento Sostible (Río de Xaneiro, 2012).

Unha serie de preocupacións (aumento das emisións de dióxido de carbono, perda de biodiversidade, pobreza extrema de unha de cada oito persoas no mundo...) levaron á ONU a establecer —no ano 2000— os **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM)**. Ao longo dos primeiros 12 anos do s. XXI, a preocupación dos líderes políticos centrouse na redución da pobreza no planeta. En 2015 tratou de establecerse unha nova perspectiva, abordando o que se denominan **Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS)**. As melloras que se pretenden acadar fixéronse para o ano 2030, mais a crise sanitaria da COVID-19 probablemente dificultará o seu éxito.

Créditos: IGE



Preme sobre a imaxe e en cada unha das iconas para saber máis dos ODS.



Sabías que...?

O uso masivo de combustibles fósiles levou a un incremento continuo do CO₂ na atmosfera, **superando hoxe en día as 400 ppm** (partes por millón). Como advertiron e advirten expertos e expertas como J. Sachs na súa obra *La era del desarrollo sostenible*, isto podería provocar un incremento das vagas de calor e a intensificación dos riscos climáticos (secas máis habituais, inundacións por treboadas extremas, aceleración da extinción de especies, descensos na produción agrícola e subida do nivel do mar, acidificación dos océanos...).


Sachs sostén que a agricultura tamén contribúe ao cambio climático antropoxénico mediante o consumo masivo de auga doce, a utilización de fertilizantes químicos e a emisión de **CFC** que causan o agrandamento do burato de ozono. Todo isto pon en perigo a seguridade alimentaria, isto é, a produción de alimentos para unha humanidade en continuo crecemento.

Os ODS propoñen obxectivos varios, que van desde a **seguridade alimentaria** á loita contra o **cambio climático**; considerar a educación como motor de ascenso social e promover a **igualdade de xénero**, o consumo responsable ou as cidades resilientes. Para financiar estes obxectivos requirírase da contribución de financiamento público e privado, mediante o investimento dos Estados e o pago de impostos por parte da cidadanía. Para axudar os países máis desfavorecidos, a **ONU** apela a incrementar a **Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD)** por parte dos países ricos. A **OCDE** recomenda destinar o 0,7% do PIB de cada país a AOD; os contextos de crises periódicas —acontecidas en 2008 e 2020— non son moi axeitadas para contribuir con este fin

Actividades

Observa o seguinte **mapa** e identifica:

1.
 - a. Os países que comparten a cunca do Amazonas.
 - b. O país con maior superficie na cunca do Amazonas.
 - c. O país máis afectado pola deforestación amazónica.




2. Indica a que categoría corresponde cada elemento ou opción:

	Combustibles fósiles	Terras raras	Consecuencias do Antropoceno
Gas	☐	☐	☐
Lantano	☐	☐	☐
Petróleo	☐	☐	☐
Prometio	☐	☐	☐
Incremento da urbanización	☐	☐	☐
Carbón	☐	☐	☐
Aumento da contaminación atmosférica	☐	☐	☐
Cambio climático antropoxénico	☐	☐	☐
Escandio	☐	☐	☐

3. Consulta o [mapa mineiro español de 2017](#) e indica cales son as principais zonas de produción de pirita, ouro e cinc.

4. Investiga sobre os diversos usos que teñen as terras raras, a partir da análise deste [gráfico](#).



5. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

A finais do s. XXI o ser humano terá removido tantos sedimentos como no período anterior a 1950.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Os acuíferos subterráneos están cada vez máis cheos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A meirande parte do consumo de auga é para uso industrial.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Unha das moitas especies en risco de extinción por mor do quecemento global é o oso polar.

- ☐ Verdadeiro

☐ Falso

O cambio climático antropoxénico implica a diminución da temperatura media terrestre.


☐ Verdadeiro


☐ Falso

6. Bota unha ollada ao mapa que se che presenta e indica:

- Que se representa?
- Cales son os estados con maior nivel de IDH?
- En que zonas xeográficas nos atopamos cos estados co IDH máis feble?

Créditos: [JackintheBox](#)





7. Tras analizar a imaxe anterior, asocia cada índice cos países que corresponda:

	IDH moi alto	IDH medio	IDH baixo
Suecia	☐	☐	☐
Australia	☐	☐	☐
Nicaragua	☐	☐	☐
Sudán do S.	☐	☐	☐
Níxer	☐	☐	☐
Canadá	☐	☐	☐
Angola	☐	☐	☐
India	☐	☐	☐
España	☐	☐	☐
Afganistán	☐	☐	☐
Marrocos	☐	☐	☐

8. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións sobre os obxectivos de desenvolvementos sostibles:

A boa gobernanza inclúe a participación do Estado, da sociedade civil e do mercado.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O IDH ten en conta só criterios económicos para definir o desenvolvemento dun país.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Un dos obxectivos da sustentabilidade social é impulsar o crecemento económico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Un dos obxectivos da sustentabilidade ambiental é velar pola protección da natureza.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os mapas da felicidade baséanse en criterios obxectivos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

9. Le este [artigo](#) e fai un resumo dos problemas actuais aos que se enfrenta o Ártico. Podes partir dun esquema para preparar o resumo final.

10. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

ODM son as siglas que fan referencia aos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

AOD son as siglas que fan referencia á Axuda Oficial ao Desenvolvemento.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

O cumio no que se propuxo a necesidade de establecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable foi o de Río de Xaneiro en 1992.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A OCDE recomenda destinar o 2% do PIB á Axuda Oficial ao Desenvolvemento.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

As crises de 2008 e 2020 van dificultar acadar os ODM.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

- 11. Traballa en parella.** Consulta esta [ligazón](#) para identificar os maiores produtores mundiais de certos minerais metálicos: cobalto, cobre, ouro, níquel, uranio e bauxita (aluminio).
- 12.** Constrúe un gráfico lineal coa evolución da poboación mundial, a partir dos seguintes datos:


Ano	Millóns de habitantes
1000	300
1750	800
1900	1650
1950	2500
2000	6000
2020	7800

13. Calcula a túa [pegada ecolóxica](#), reflexiona e expón os resultados e conclusións ante os compañeiros e as compañeiras.
14. **Traballo en equipo.** Consultade os [datos da Axenda 2030 do IGE](#) (Instituto Galego de Estatística), elixide un obxectivo do desenvolvemento sustentable e expoñede os resultados da comparativa entre España e Galicia.
15. [Crea un mapa](#) cos 20 maiores doantes de axuda oficial ao desenvolvemento en 2018 a partir dos [seguintes datos](#).

Desenvolvimento e subdesenvolvimento

Os contrastes entre os países desenvolvidos e os menos desenvolvidos começaram coa Revolución Industrial, nacida en Inglaterra no s. XVIII. O crecemento económico non chegou a todas partes por igual. Coa globalización de finais do s. XX mesmo se incrementaron as diferenzas entre países máis desenvolvidos e menos desenvolvidos.

Créditos: McCord, Gordon, and Jeffrey Sachs. 2013. "Development, Structure, and Transformations: Some Evidence on Comparative Economic Growth." NBER Working Paper No. 19512. Washington, DC: National Bureau of Economic Research



Países desenvolvidos e subdesenvolvidos

A nivel económico, distinguimos entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos, norte e sur, rexións enriquecidas e empobrecidas.

Factores xeográficos, culturais e políticos inflúen na difusión do **desenvolvemento económico** ao longo dos últimos séculos:

- A nivel xeográfico, son os países de zonas temperadas os que gozan de maior desenvolvemento. O clima temperado favorece neles a produtividade agrícola —teñen menos **estrés hídrico**—; a ausencia de temperaturas medias moi elevadas reduce o risco de difusión de epidemias; a nivel industrial, consolidáronse neles os cambios tecnolóxicos asociados ás sucesivas revolucións industriais. Os países litorais teñen máis posibilidades de desenvolvemento ca os interiores, grazas ao pulo do comercio marítimo —principal vía de intercambio.
- A nivel cultural, o desenvolvemento vén asociado ao crecemento demográfico e á importancia concedida á educación. Entre os países con maior grao de desenvolvemento predominan aqueles con menores taxas de fecundidade; isto é, países que remataron a súa transición demográfica e medran pouco en efectivos. A posta en valor da educación como motor do crecemento económico ten impulsado a países como Corea do Sur, que mellorou notablemente o seu sistema educativo na segunda metade do s. XX.
- A nivel político, o desenvolvemento adoita asociarse máis ás democracias que ás autocracias, con contadas excepcións: China partía dun nivel de desenvolvemento baixo cando triunfou a revolución comunista (1949) e acelerou desde entón o seu crecemento a marchas forzadas, sobre todo desde as dúas últimas décadas do s. XX. A participación das mulleres na vida política pode ser un factor de crecemento en países en vías de desenvolvemento: por exemplo, no caso de Ruanda, a representación feminina no parlamento é unha das máis altas do mundo. Os gobernos teñen un papel crucial como garantes da mobilidade social e económica. O gasto social dos países ricos é moi superior ao dos países empobrecidos.

En 1952, o economista francés A. Sauvy acuñou o termo “Terceiro Mundo” para facer referencia aos países con menos ingresos e PIB. Tratábase de asociar o concepto de

“países pobres” ao “terceiro estado” da época previa á Revolución francesa de 1789. Se os antigos membros do terceiro estado non tiñan dereitos, tampouco os países do Terceiro Mundo tiñan voz no escenario internacional.



A OPINIÓN EXPERTA



Falamos de bo grao de dous mundos en presenza, da súa guerra posible, da súa coexistencia etc., esquecendo a cotío que existe un terceiro, o máis importante e, ao cabo, o primeiro na cronoloxía. É o conxunto destes o que chamamos, ao xeito das Nacións Unidas, os países subdesenvolvidos.

A. Sauvy, Tres mundos, un planeta. L'Observateur, 1952.



Desde entón, diferentes terminoloxías definen os países subdesenvolvidos. Posto que a meirande parte deles están en África, utilízase a cotío a expresión “Sur”, por asociación co predominio destes países no hemisferio sur. Posto que —a pesar do seu menor PIB— existe nas últimas décadas un conxunto de países que medraron a un ritmo máis forte, agora utilízase para catalogalos, por comparación cos máis desenvolvidos, a expresión **Países Menos Desenvolvidos (PMD) ou países en vías de desenvolvemento**.

Factores do subdesenvolvemento

Os países menos desenvolvidos manteñen, en relación aos máis ricos, unha serie de desvantaxes debidas a factores xeográficos ou xeopolíticos:

- A nivel xeográfico, os PMD concéntranse en rexións como África tropical e países sen acceso ao mar (Afganistán, Nepal, Mongolia, Laos...). Porén, é a África subsahariana a que mantén un nivel maior de pobreza extrema. A carga de enfermidades infecciosas é moi forte nas zonas tropicais, o esgotamento dos nutrientes do solo é rápido e a contorna costeira é hostil.
- A nivel xeopolítico, os PMD son, sobre todo, herdeiros do legado colonial. Independizáronse das súas metrópoles europeas moi tarde. A grande vaga da independencia chegou a partir de 1960. O nivel educativo dos novos Estados era feble; as infraestruturas viarias e ferroviarias, moi escasas e orientadas á exportación; a industrialización é case inexistente; a dependencia da exportación de materias primas agrícolas e minerais é absoluta. Todos estes factores provocaron que as antigas metrópoles seguisen a controlar a economía das excolonias. Púxose en marcha un proceso de **neocolonialismo económico**, baseado na dependencia económica dos intercambios coas antigas potencias coloniais. Por iso, as empresas multinacionais británicas, francesas ou norteamericanas —agora tamén chinesas— explotan os principais recursos destes países máis empobrecidos.

O subdesenvolvemento potencia as desigualdades: á beira de Dahravi —*slum* ou zona de chabolas de Mumbai— érguese unha torre de 35 pisos con todos os luxos que pertence a unha soa familia; Kibera —suburbio de Nairobi— levántase a carón dunha urbanización privada; no extremo de Paraisópolis —barrio de favelas de Sao Paulo— medran rañaceos habitados por poboación rica. Os contrastes de renda no interior dos países menos desenvolvidos son moi esaxerados, pero tamén estes existen nas cidades dos países desenvolvidos; de aí que, para catalogar os guetos de miseria e marxinalidade que existen nos países ricos, se empregue ás veces a expresión "**Cuarto mundo**".



Sabías que...?

A expresión "Cuarto mundo" establece unha asociación co "cuarto estado".


En 1901, o pintor italiano Giuseppe Pellizza da Volpedo pintou o cadro *O cuarto estado*, referido ao proletariado no momento da Revolución Industrial en Italia. A obra mostra un grupo de obreiros e obreiras en folga, tres avanzan sobre o grupo; unha é unha muller co seu recém nado no colo. A obra, realista e de grandes dimensións, foi utilizada polo cineasta Bernardo Bertolucci para os títulos de crédito do seu filme *Novecento*, unha historia dos conflitos sociais na Italia de comezos do s. XX.

A expresión “Cuarto mundo”, popularizada polo sacerdote Wresinski, fai referencia a aquela poboación que vive en situación marxinal no seo dos países máis desenvolvidos. En España, por exemplo, a pandemia de COVID-19 pode agravar a situación da poboación en precario: a ONG Oxfam Intermón indica que ata 5 millóns de persoas —case 1 de cada 9 residentes— poderían rematar tendo que vivir con **menos de 16 € ao día**; esta cantidade considerábase o limiar da pobreza severa (cifras para o 2021). Na base desta pobreza están o desemprego e a marxinalidade.



O cuarto estado (1901), de G. Pellizza da Volpedo. Museo Novecento (Milán).

O subdesenvolvemento, porén, concerne sobre todo os países africanos e asiáticos, nos que porcentaxes moi elevadas da poboación viven con moi pouco. Ademais, neses Estados as coberturas sociais son moi febles ou inexistentes.



Comercio desigual


O comercio é unha actividade terciaria que amosa claramente as diferenzas entre países ricos e empobrecidos. O desigual nivel tecnolóxico das áreas do planeta implica un desigual intercambio **centro/periferia**. Os países desenvolvidos exportan sobre todo produtos manufacturados e de maior tecnoloxía; os países menos desenvolvidos, por contra, basean as súas exportacións en materias primas minerais e agrícolas. Como os prezos das **commodities** tenden a subir por debaixo do dos artigos manufacturados, os intercambios favorecen aos países desenvolvidos.

O comercio internacional é, polo tanto, un factor que agranda as desigualdades entre Estados. O peso das grandes potencias nos intercambios internacionais é moi superior ao dos países en vías de desenvolvemento ou menos desenvolvidos. Os 10 países de maior peso no comercio mundial —á cabeza dos cales están China, Estados Unidos e Alemaña— representaban en 2019 máis da metade das **importacións** e **exportacións**. Mentres Europa lidera a clasificación a nivel de continentes (38% das exportacións), África permanece case ausente, cun 2% das exportacións globais.

Entidades como a **Organización Mundial do Comercio (OMC)** potenciaron, desde

finais do s. XX, a liberalización comercial a nivel mundial. Desde o punto de vista rexional, os Estados chegan a acordos para reducir **aranceis** ou facilitar **unións aduaneiras** e **unións económicas**. A **Unión Europea** é o maior expoñente de integración económica e política, actualmente con 27 membros activos. Noutras rexións do mundo, os tratados de **TMEC**, **ASEAN**, **Mercosur**, **CEI** e **AfCFTA** completan bloques comerciais que tamén promoven os intercambios a nivel rexional.

Fonte: OMC (Exame estatístico do comercio mundial, 2019)



Un xeito de combater a desigualdade no comercio internacional é a promoción do **comercio xusto**, que implica:


- Respecto aos dereitos humanos.
- Utilización de prácticas xustas, que conlevaran relacións comerciais estables, liberdade sindical...
- Protección medioambiental.

O comercio xusto ten de contribuír ao desenvolvemento sustentable, asegurando os dereitos das persoas produtoras e traballadoras, especialmente nos países máis


desfavorecidos.

Diferenzas no consumo interno


Entre os países desenvolvidos e aqueles en vías de desenvolvemento son evidentes as diferenzas de consumo interno. O peso en cada lugar de factores como o **estado do benestar**, a dispoñibilidade de renda e os hábitos culturais inflúen nos gastos das familias. O peso dos gastos básicos de manutención é ben máis significativo nos países menos desenvolvidos ca nos países ricos.



Consumo interno de **Brasil**



Consumo interno de **Francia**



Consumo interno de **Turquía**

Actividades

1. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

Os países menos desenvolvidos son os países do “Norte”.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A meirande parte dos países desenvolvidos está na zona intertropical.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Australia e Canadá forman parte dos PMD.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os países litorais teñen máis atrancos para o comercio que os interiores.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

2. A partir do mapa inicial deste apartado, asocia as épocas nas que o PIB superou os 2000 \$ per cápita cos países nos que se produciu:

Antes de 1900

Século XXI

Século XX

a. Gran Bretaña
Alemaña

Estados Unidos

- b. Rusia
Brasil
Sudáfrica
España

- c. Mongolia
Afganistán
Senegal

3. Busca no seguinte [mapa interactivo](#) 5 exemplos de rendas máis elevadas e menos elevadas en España. Polo menos, en cada categoría, selecciona 1 de Galicia. Indica cales son as comunidades autónomas con rendas máis elevadas e cales teñen rendas máis baixas.

4. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

A área xeográfica de maior concentración de PMD é a África subsahariana.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A relación entre as antigas metrópoles e as súas colonias independentes é hoxe en día de tipo neocolonial.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A crise sanitaria de COVID-19 non vai influír no incremento das desigualdades en España.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso


“Cuarto mundo” é a expresión que fai referencia aos países máis pobres dentro dos menos desenvolvidos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Hai unha maioría de PMD en Europa.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

5. Observa o seguinte [mapa](#) e indica que se representa nel. Cales son os sectores máis salientables en canto aos investimentos?



6. Observa o seguinte [gráfico](#) e identifica as principais diferenzas entre o mapa de 2000 e 2020:

7. Asocia os diferentes países membros cos bloques comerciais aos que pertencen:

España, Italia, Eslovenia, Lituania,
Suecia, Polonia, Malta

Estados Unidos, Canadá, México

Tailandia, Indonesia, Malasia,
Singapur, Filipinas, Vietnam

Paraguai, Brasil, Arxentina, Ecuador,
Colombia

Mercosur

UE

ASEAN

TMEC

Débeda externa

Chamamos **débeda externa** ao conxunto de obrigas que ten un país con acredores que residen no estranxeiro. Pode ser pública ou privada. Por exemplo, en España tense superado en 2020 o 200% do PIB en débeda externa, do que un 120% corresponde a **débeda pública**. Isto quere dicir que sería preciso máis dun ano de PIB español para saldar todas as débedas que se teñen con terceiros países.

A débeda externa nos países ricos

Os países ricos teñen unha débeda externa notable. De entre os máis desenvolvidos (G7 máis Rusia e China), só Alemaña, China e Rusia non están entre os [30 países con maior débeda externa](#). Na listaxe de endebedados destacan os membros da UE. De feito, para manter as súas economías por mor das medidas para atallar a crise da COVID-19, os países comunitarios endebedáronse aínda máis. Puxeron en marcha ERTE, axudas ás empresas e sectores máis afectados etc. Ademais dos países da UE, tamén outros Estados moi afectados pola pandemia, como os Estados Unidos, México e Brasil, incrementaron a súa débeda pública. O país con máis débeda pública do mundo é Xapón, onde se supera o 250% do PIB.

O risco de crise económica por incremento da débeda externa dos países ricos asoma no horizonte, se ben todos eles esperan retomar o crecemento económico unha vez finalizada a pandemia. En todo caso, os países ricos poden asumir niveis de débeda externa elevados porque poden pagala; en xeral, teñen recursos para facelo.



Sabías que...?

A débeda pública española está en mans, sobre todo, de entidades financeiras nacionais e europeas, e de fondos de investimento internacionais.

En contexto histórico ben diferente, a débeda pública española está en niveis semellantes aos do “Desastre do 98”, unha vez que o noso Estado perdera as colonias de Cuba, Porto Rico e Filipinas.

Fonte



Evolución histórica da débeda pública española.

Débeda externa e conflitos bélicos nos países menos desenvolvidos

Por contra, a débeda externa nos países menos desenvolvidos é, en xeral, escasa, se ben en momentos puntuais ocasionaron crises severas. Isto ocorre porque carecen de capitais internos para financiarse e teñen que acudir a empréstitos exteriores.

Na época posterior á descolonización dos anos 1960, organismos como o **Banco Mundial** ou o **Fondo Monetario Internacional (FMI)** prestaron moreas de cartos aos países en desenvolvemento. Con eles pretendíase que as antigas colonias se industrializasen seguindo o modelo capitalista e desenvolvesen as súas infraestruturas. Porén, algúns dos réximes autoritarios que se instalaron neses novos países independentes utilizaron os empréstitos para armas e guerras. E eses países acabaron pedindo aprazamentos ou reducións de débeda. Os organismos internacionais aceptaron, mais impuxeron aos Estados debedores unha serie de privatizacións de empresas e recursos esenciais (minas, servizos públicos...).

Moitos países están lastrados pola súa débeda externa. Tiveron que reorientar a súa economía cara á exportación de produtos básicos no mercado internacional. Os pobos dos países menos desenvolvidos perderon **soberanía**. Ao mesmo tempo, xurdiron unha serie de movementos sociais que reclaman a **condonación da débeda** externa. A débeda afoga, provoca un estrangulamento das economías locais.

Moitas áreas en guerra do mundo actual son escenario de conflito económico. En Afganistán, por exemplo, despois da invasión norteamericana de 2001 [incrementouse a produción de opio](#) —controlada polos insurxentes talibáns, que a utilizaron como xeito de sufragar a súa cruzada. Na República Democrática do Congo, [a guerra do coltán](#) —mineral escaso e esencial para o funcionamento dos teléfonos intelixentes e tabletas que utilizamos a diario— causa explotación e morte na poboación residente. En [Sudán do Sur](#) —un territorio no que a explotación petrolífera era esencial para a súa economía—, a extorsión das milicias imponse e desencadea inflación e fame.

Os conflitos bélicos teñen efectos ben negativos sobre os factores produtivos: a mortandade incrementase, o capital físico diminúe, os recursos esgótanse e a contaminación medra; a educación parálizase e o capital humano mingua. As guerras reducen os excedentes e os intercambios comerciais, provocan migracións e causan depresión psíquica para o futuro. Os países en guerra ven como se deteriora o seu sistema produtivo e han de solicitar recursos para reengraxar o sistema económico. A guerra sempre vai contra o progreso económico e social.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Hai que distinguir entre a débeda soberana —contraída polo Estado— e a débeda global —que reúne a débeda contraída polo Estado e a asumida polas empresas privadas.

Jean Ziegler, sociólogo, politólogo e impulsor do movemento antiglobalización, fala sobre a débeda soberana deste xeito:



En 2016, a débeda soberana de todos os países en vías de desenvolvemento, sen contar Sudáfrica, Brasil, China, India e Rusia, clasificados como países emerxentes, superou a astronómica cifra de 1,5 billóns de dólares.

(...) Os poucos cartos que gañan os países africanos (Senegal grazas á exportación de cacahuets ou Malí á de algodón) van directamente ás caixas fortes dos bancos europeos e americanos en concepto de pagos dos intereses da débeda e das súas cotas de amortización (ou, dito doutro xeito, en concepto de reembolso). Resultado: non queda nada para investir en agricultura. Na África negra, só o 3% dos solos cultivables se regan artificialmente; no resto, os agricultores teñen que conformarse coa agricultura de secaño e depender da chuvia, exactamente como hai 3000 anos. Canto á tracción, a situación é igual de catastrófica. No mundo hai uns 40 millóns de tractores e 300 millóns de bestas de carga. Este tema da tracción é decisivo: en Saskatchewan, nas grandes chairas fértiles de Canadá occidental, un só agricultor pode traballar 2000 hectáreas grazas ao seu único tractor de 200 cabalos. Porén, a maioría dos 2700 millóns de agricultores dos países do Sur seguen hoxe en día traballando tan só coa eixada e o machete...

J. Ziegler: O capitalismo explicado aos novos e aos non tan novos.
Edicións Invisibles, Barcelona, 2021, pp. 112-113.



Actividades

1. Asocia cada termo ou organismo coa súa definición:

Organismo que promove a axuda ao desenvolvemento mediante empréstitos.

Banco Mundial

Organismo que supervisa as economías dos distintos Estados membros.

Guerra do coltán

Quita da débeda por parte dos Estados acredores.

Débeda soberana

Débeda contraída polos Estados.

FMI

Conflito desatado por mor da explotación dun mineral básico na República do Congo.

Condonación da débeda

2. A partir dos datos proporcionados por esta [web](#) realiza unha gráfica de evolución da débeda pública en España desde 2001 ata 2020. Identifica no gráfico as crises máis recentes que teñen incrementado esta débeda.
3. Sinala cales dos seguintes aspectos atrancan máis o desenvolvemento da agricultura na África subsahariana e xustifica a túa resposta:

barbeito • traballo manual • ausencia de regadío • regadío
forte mecanización • intensividade do cultivo

Tensións xeopolíticas

Despois da Segunda Guerra Mundial configurouse un sistema xoeconómico baseado no predominio dunha serie de Estados centrais —asentados preferentemente no Norte— que controlaban o **Heartland** e o **Rimland**. Estes países son as principais potencias do G7, en moitos casos antigas **metrópoles** que seguiron dominando as vellas colonias. Un novo xeito de **neocolonialismo** económico instalouse na relación entre antigas potencias ao norte do globo e países menos desenvolvidos do sur.

A xeopolítica contemporánea ábrese á dominación de novos actores, como son os **países emerxentes** e, moi especialmente, China. O labor deste Estado, facendo investimentos en distintas partes do mundo e desprazando a influencia norteamericana a un segundo plano, ten unha importancia decisiva á hora de reconfigurar o mapa de áreas de influencia no mundo actual.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

As loitas polo dominio mundial hoxe en día abranguen cuestións económicas e políticas. Os recursos naturais son a fonte de poder e as grandes potencias loitan por controlalos.




África contén no seu seo minerais tan estratéxicos e básicos como o uranio e o platino, a práctica totalidade das reservas mundiais de cromo, a metade das de cobalto e manganeso, e unha quinta parte das de titanio. Posúe ademais cantidades moi destacadas de cobre, bauxita, coltán, xermanio, radio, casiterita, estaño, zinc (...). En África compiten ou pactan empresas multinacionais dos principais países do mundo. Estados Unidos, Canadá, Reino Unido, Australia e Francia encabezan a listaxe, e sumáronse con forza outros países como China, India ou Brasil.

Traducido e adaptado de Pedro Baños, *El dominio mundial*. Ed. Ariel, Barcelona, 2018, pp. 164-165.



A neocolinização de África no século XXI



China

Investimentos chineses em infraestruturas:

- Liñas ferroviarias
- Oleodutos
-  Portos
-  Centrais hidroeléctricas

Fonte: *El dominio mundial*, Pedro Baños

En 2020 constituíuse a Asociación Económica Integral Rexional (**RCEP**, polas súas siglas en inglés). Intégrana China, Xapón, Corea do Sur, Australia, Nova Celandia e a ASEAN. Unha vez ratificado este tratado de libre comercio, podería agrupar unha serie de Estados que supoñan a metade do PIB mundial e o 40% do consumo global en 2040.

O reequilibrio xeográfico no mundo está poñendo fin á superioridade militar, política e económica de Occidente (Estados Unidos, Canadá e a UE, especialmente). O éxito económico de China é indubidable. Desde 2015 lidera o comercio mundial. Estratexicamente trata de controlar os recursos naturais en África e Latinoamérica, propón novas conexións en América central e revitaliza rutas comerciais con Europa.

As tensións xeopolíticas afectan á loita polo liderado político-económico. China e Estados Unidos acaparan hoxe en día a competencia principal polos mercados e o control dos recursos naturais. China é xa “a fábrica do mundo”, consumidora de materias primas e exportadora de produtos manufacturados. Estados Unidos mantén o predominio militar, mais perdeu pulo industrial coa deslocalización que se produciu a finais do século XX. A loita polo control do Pacífico —o novo centro do poder mundial — acelera a sinatura de pactos estratéxicos como o **AUKUS**.



Sabías que...?

A Ruta da Seda foi, desde a época do imperio romano, a principal conexión entre Oriente (China) e Occidente (Europa). Era unha ruta de intercambio comercial, diplomático e científico pola que andaron viaxeiros tan egrexios como Marco Polo.

No século XXI, China propónse revitalizar esta vía de comunicación a través do mar e da terra, utilizando liñas de ferrocarril e barcos para chegar a portos afastados coas súas mercadorías; tamén construíndo oleodutos e gasodutos, investindo nos países do corno de África polos que pasa a ruta. Mesmo China ten establecido unha base militar no Xibuti e mantén o seu interese por chegar a Europa a través do Ártico, unha vez se confirma o desxeo dos mares polares.

Créditos: Bassora



O mundo actual está cheo de conflitos:

- As guerras asolan territorios do Sahel e Oriente Próximo. A guerra civil en Siria, con intervención de potencias estranxeiras, desatouse en 2011. En moitos países norteafricanos e do suroeste de Asia están enraigados os enfrontamentos bélicos.
- As fronteiras entre o norte e o sur soportan grandes tensións migratorias, como por exemplo no Río Grande. Milleiros de emigrantes morren cada ano no Mediterráneo como consecuencia do desexo da poboación subsahariana por acadar un nivel de vida digno en Europa.
- A represión étnica concerne a grupos con costumes contrarios á maioría dominante, tal e como acontece, por exemplo, no Sinkiang chinés. As diferenzas son reprimidas nesta rexión de xeito severo. A minoría musulmana de Sinkiang é vixiada como sospeitosa de atentar contra a unidade do Estado.
- O almacenamento de residuos nucleares esgota a vida en lugares de Polinesia. Un atolón das illas Marshall garda residuos nucleares dos ensaios atómicos norteamericanos da Guerra Fría. Esta “tumba” xerou o desprazamento de poboacións e o risco de expansión da contaminación nuclear.
- A competencia comercial repunta con proxectos de circunnavegación do Ártico e a revitalización da medieval Ruta da Seda. China promóvea para chegar por vía marítima ou terrestre aos mercados europeos. A grande fábrica do mundo expande así o seu dominio comercial.
- O cambio climático antropoxénico exacerbará as **migracións climáticas** e a loita por recursos básicos como a auga. No ano 2050 podería haber máis de 150 millóns de persoas refuxiadas ambientais por fenómenos vencellados a inundacións recorrentes ou a secas devastadoras.

As fronteiras da desigualdade


O mundo amosa múltiples fronteiras que marcan diferenzas socio-económicas entre ricos e pobres. En busca de **mellorar as súas condicións de vida**, máis de 15 millóns de persoas atravesaron as fronteiras de países como Siria, Venezuela, Afganistán, Sudán do Sur e Mianmar, en 2020. Nalgunhas desas fronteiras, o nivel de vida a unha beira e outra é moi dispar: Corea do Sur ten un PIB per cápita máis de 20 veces superior ao de Corea do Norte; Arabia Saudita 18 veces superior ao de Iemen; China multiplica por 8 de Afganistán. Outras fronteiras están separadas por mares: o Mediterráneo é a tumba de milleiros de persoas inmigrantes mortas ou desaparecidas cada ano; proceden de África e viaxan ao noso continente a través de **diversas rutas**.

Ás veces, as fronteiras son internas e invisibles. Danse entre grupos sociais, de xeito que a concentración da riqueza está en poucas mans. En África e Asia hai moita pobreza, mais en **Ñamérica** (sobre todo Na América que fala español) a desigualdade é extrema, como podedes ver nesta gráfica (datos de 2017).

Créditos: [Statista](#)

A desigualdade en América Latina

Porcentaxe dos ingresos que obtén o 20% máis rico da poboación.



Países seleccionados. Datos de 2017.

*Datos de 2016.

Fonte: Banco Mundial




Sabías que...?

A ruta migratoria do Mediterráneo, segundo ACNUR, é a máis mortífera do mundo. Centos de inmigrantes morren cada ano no mar por mor do afundimento de caiucos, pateras ou barcos sobrecargados.

A inmigración ilegal afro-asiática a Europa toma tres vías no Mediterráneo: a occidental, a través do estreito de Xibraltar; a central, partindo de Libia e chegando a Sicilia; a oriental, que toca illas e continente grego.

A década de 2010 foi a de maior expansión desta inmigración ilegal. Moita xente saíu expulsada da guerra civil siria; milleiros de persoas abandonaron o Sahel e entraron en Europa vía Lampedusa. Só en 2015, máis dun millón atravesaron esta fronteira marítima para mellorar o seu nivel de vida. Procedían de países en guerra ou con fame, que non teñen recursos para manter á súa poboación.

Ao final do camiño sempre houbo muros ou campamentos: en Ceuta, en Melilla, na illa de Lesbos...



Actividades

1. Analiza este [vídeo](#) e busca información sobre o fenómeno que denuncia. Elabora un cartel para concienciar a poboación sobre a problemática descrita.
2. Le o seguinte texto e explica: que cres que quere dicir o autor?



Quizais en ningún sitio a desigualdade resulta máis chocante. A arquitectura dos edificios públicos e privados, os vestidos elegantes das mulleres, a atmosfera da alta sociedade, amosan un refinamento social extremo en extraordinario contraste co espido, ignorancia e vulgaridade da poboación”, escribiu von Humboldt cando pasou por México, hai dous séculos; Galeano citouno hai medio —e nunca deixou de ser verdade.

M. Caparrós, Ñamérica. Ed. Random House, Barcelona, 2021.



3. Asocia riscos xeopolíticos presentes e futuros coa zona do planeta correspondente: desordenar opcións.

Inmersión de residuos nucleares.

Afogamento de milleiros de migrantes.

Circunnavegación por mor do desxeo.

Represión da poboación musulmana.

Conflitos bélicos enquistados.

Sahel

Mar Mediterráneo

China

Océano Glaciar
Ártico

Polinesia

4. Define os seguintes conceptos. Podes servirse de exemplos na túa explicación: *AUKUS*, *ACNUR*, *Ñamérica*, *Ruta da Seda*.

Acabar co subdesenvolvemento

Acabar co subdesenvolvemento e a pobreza extrema é un dos obxectivos do desenvolvemento sustentable. A ONU considera que é factible, pero esixe accións.

Un 10% da poboación mundial vive en pobreza extrema. Dúas rexións, especialmente, seguen atrapadas na súa trampa:

- **África subsahariana tropical**, con case a metade da poboación baixo a liña da pobreza.
- **Asia oriental**, onde 1 de cada 5 persoas continúan a vivir nunha situación de miseria extrema.

África subsahariana tropical

Os problemas que afectan á África subsahariana son variados:

- As secas son recurrentes.
- A **produtividade** agrícola é feble.
- A falla de fertilizantes químicos é unha eiva.
- As infraestruturas (estradas, ferrocarrís, portos...) son deficientes e herdadas da época da colonización.
- A tecnoloxía da información é escasa.

Aínda que o continente se prepara para dar un salto económico importante, é preciso que se mobilicen investimentos estranxeiros e se mellore a atención social en aspectos de educación e saúde. A redución da taxa de fecundidade pode permitir unha mellora na distribución da riqueza.

Asia oriental

En Asia meridional hai un problema severo de acceso aos alimentos. Na India e Bangladesh, o tamaño reducido das explotacións agrícolas permite unha escasa produción, e as altas densidades de poboación consúmen moitos recursos. A mediados do século XX, a **revolución verde** paliou puntualmente o problema da escaseza de alimentos: as colleitas medraron, pero a poboación tamén, e o problema de nutrición continúa. Outra eiva nesta área é a desigualdade de xénero, que se tratou de solucionar co **empoderamento das mulleres** e a expansión das institucións de **microcrédito**.

Solucións ao problema do subdesenvolvemento

Á hora de solucionar o subdesenvolvemento nos países máis empobrecidos é preciso investir na mellora da agricultura, en gastos sociais (educación e saúde), e en infraestruturas diversas. Tamén é preciso afianzar o empoderamento das mulleres en sociedades nas que a desigualdade se ceba con elas.

Como facelo? Coa axuda oficial ao desenvolvemento (**AOD**), que procede sobre todo de institucións internacionais e estados ricos. Xa China e Corea do Sur recibiron axudas cando o necesitaron e agora son doantes. Desde os anos 70, esta axuda mobiliza subvencións e empréstitos a baixo xuro, de goberno a goberno. O ideal sería que os países máis ricos aportasen o 0,7% do seu PIB á AOD, pero hai moi poucos que acadan esa cifra: en 2020 fixérono Suecia, Luxemburgo, Dinamarca



Sabías que...?

A comezos do s. XXI iniciouse na África rural o proxecto “Aldeas do Milenio”. En 10 lugares concretos da África con malnutrición crónica puxéronse en marcha programas para incrementar a produción agrícola. Trátase de áreas especializadas en distintas producións (pastoreo, arroz, cultivos arbóreos...). Esta é unha das propostas dos e das economistas, como o estadounidense Jeffrey Sachs, destacado colaborador da ONU na loita contra a pobreza, para mellorar as condicións de vida da poboación nas rexións máis empobrecidas do mundo.



Tanzania é un dos países onde se levou a cabo o proxecto.

Úsanse sementes melloradas, increméntase a utilización de fertilizantes, mellóranse as vivendas e os sistemas de conducción da auga. Tamén se mellorou a asistencia de nenas e nenos á escola e loitouse contra as enfermidades epidemiolóxicas.

O gasto realizado por habitante nestes núcleos -entre 2006 e 2010- foi de 120 dólares. Con esa pequena cantidade de cartos conseguíronse obxectivos ben significativos.

Outra vía de solución do subdesenvolvemento ten que proceder das políticas económicas internas de cada Estado. Han de poñerse en marcha medidas redistributivas. Algúns e algunhas economistas propoñen avanzar cara a un socialismo participativo, como o francés Thomas Piketty, que constata o descenso global paulatino da propiedade en mans do 1% máis rico ao longo de todo o século XX. A comezos do s. XXI produciuse unha [reconcentración da propiedade](#) en mans do 1% máis rico.

Actividades

1. Relaciona os conceptos coa súa definición situándoos no oco correcto:

Revolución verde

Empoderamento das mulleres

Aldeas do Milenio

Microcrédito

AOD

Axuda oficial ao desenvolvemento, principalmente destinada polos países ricos aos menos desenvolvidos.

Incremento da produtividade agrícola desde mediados do s. XX en Asia.

Proxecto para reducir a desnutrición en África.

Obxectivo de Desenvolvemento Sostible que busca a igualdade de dereitos e oportunidades entre sexos.

Empréstito de escasa cantidade para fomentar a iniciativa emprendedora en países empobrecidos.

2. Indica cales das seguintes problemáticas están na base do subdesenvolvemento da África subsahariana:

☐

Secas persistentes.

☐

Infraestruturas deficientes.

☐ Produtividade agrícola feble.

☐ Forte crecemento vexetal.

☐ Ausencia de terreos áridos.

☐ Tecnoloxía abundante.

- 3.** Realiza un histograma cos 10 países que aportan máis % do seu PIB para axuda oficial ao desenvolvemento, a partir desta [web](#).

Imaxes da desigualdade

Anamorfose da desigualdade

Como xa sabes, os mapas anamórficos distorsionan a realidade, pero fano de xeito proporcional. Un fenómeno enfatízase a través do engrosamento ou enfraquecemento de países ou rexións e a realidade evidénciase pura e dura.

Nos mapas temáticos de [Worldmapper](#) atoparás información, entre outras temáticas, sobre:

- A [desigualdade en aspectos como a pobreza e a sustentabilidade](#).
- A [renda nacional de 2018](#) amosa os contrastes entre Norte e Sur.
- A [pegada ecolóxica de 2019](#) insiste nas desproporcións.
- A [pobreza nos xeitos de vida](#) acentúa a desigualdade dos países africanos, latinoamericanos e asiáticos.

Imaxes de contraste

O fotógrafo turco Uğur Gallenkuş apela ás fotografías de contraste para evidenciar a fenda Norte/Sur. Faino opoñendo fotografías dos dous mundos. Nun predomina a tranquilidade e o lecer, no outro a anguria; nun exacerbase o consumismo, no outro hai moitas carencias. Na súa [conta de Instagram](#) representa esa dualidade co obxectivo de sensibilizarnos.



Outro fotógrafo, Johnny Miller, utiliza a imaxe aérea (a vista de dron) para resaltar os contrastes urbanos entre barrios ricos e pobres, uns á beira dos outros. Non é preciso ver as persoas para intuír os xeitos de vida tan diferentes que teñen os habitantes das urbanizacións privadas e dos **bidonvilles**. A civilización mundial é cada vez máis

urbana, e cada vez hai máis **guetos** nas grandes aglomeracións. O fotógrafo capta [escenas da desigualdade](#) que firen o ollo de quen as ve.





UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Ñamérica é probablemente a rexión máis desigual do mundo. En moitos aspectos culturais e educativos está á cola no planeta. A pobreza cébase cos pobos indíxenas.



No Global Innovation Ranking de 2019 non hai ningún ñamericano entre os primeiros 50 países. (...) Nas famosas probas PISA, Ñamérica sempre queda mal. (...) Sempre uso o exemplo dunha taza de café colombiano ou costarricense. Canto do prezo que un paga por unha taza de café nun Starbucks de Estados Unidos ou en Europa volve ao produtor latinoamericano? Un un por cento. (...) Catro de cada cinco dólares que entran en cada país ñamericano corresponden á venda de carnes, cereais, minerais, fósiles: *commodities*. Os pobos indíxenas representan o 8 por cento da poboación de América Latina, pero tamén constitúen aproximadamente o 17 por cento dos extremadamente pobres, di un informe do Banco Mundial. Iso é o grave.


Martín Caparrós: Ñamérica. Ed. Random House, Barcelona, 2021.



Actividades

1. Na web [Worldmapper](#) selecciona un mapa a comentar, explicando:

- a. O tema do mapa, segundo a variable escollida.
- b. As rexións do mundo máis representativas do fenómeno.
- c. As rexións do mundo nas que o fenómeno ten menor representatividade.
- d. As causas das diferenzas entre rexións.



2. Selecciona o concepto axeitado en cada caso:

- a. Barrio habitado por minorías étnicas ou sociais con risco de exclusión. ➤
- b. Barrio de vivendas de autoconstrución con refugallos, infradotado e miserento. ➤
- c. Aqueles que contan con máis risco de ser pobres en rexións como América Latina. ➤

3. Traballa en parellas. Na [conta de Instagram](#) de Uğur Gallenkuş selecciona unha imaxe que che impacte para comentar os contrastes entre mundo rico e mundo pobre co teu compañeiro ou compañeira.


4. Comparte en gran grupo. Entra agora na web de [Johnny Miller](#) e selecciona unha imaxe que che impresione para falar das diferenzas entre riqueza e pobreza nun espazo urbano limítrofe. Expón as túas ideas na clase.

Ao peche

Que aprendiches?

Cando comezamos a unidade fixémosche unhas cantas preguntas. Moitas delas pode que as souberas, pero moitas outras non. Agora que xa tes moita máis información podes contestar a todas elas. Imos tentalo.

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Como definirías desenvolvemento? E subdesenvolvemento?


A large, empty rectangular box with a thin grey border, intended for the user to write their reflection on the first question.

2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Que significa para ti “sustentabilidade”?

- 3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Enumera os conflitos internacionais actuais que coñezas. Cales poden ser os motivos?

- 4. Reflexiona e valora o teu traballo.** Cales son os problemas máis graves do mundo actual, a nivel económico?

- 5. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que desigualdades sociais identificas ao teu arredor?



Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.

Lembra **seguir estes pasos** para realizar estas actividades que che servirán de gran axuda:

1. Le atentamente o enunciado.
2. Identifica que che preguntan.
3. Ordena, se é necesario, os datos que che piden.
4. Resolve a actividade.
5. Asegúrate de que contestaches todas as preguntas. Se o precisas, repite todos os pasos.
6. Se o precisas, repite todos os pasos.

6. Relaciona os seguintes conceptos:

Sobrepesca e
deforestación

Proliferación de medusas.

Consumo crecente de
auga doce

Dificultade de rexeneración dos
acuíferos.

Abuso das enerxías non renovables

Megaminaría

Acidificación dos mares

Antropoceno

Perda de biodiversidade.

Período xeolóxico caracterizado pola influencia das actividades humanas nas capas sedimentarias.

Incremento da contaminación atmosférica.

Deterioro severo da paisaxe xeográfica.

7. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

A poboación da Terra multiplicouse case 10 veces desde o inicio da Revolución Industrial.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As terras raras son abundantes e prescindibles para o desenvolvemento tecnolóxico futuro.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

“Non hai planeta B” é un lema do movemento *Fridays For Future* contra o cambio climático.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A pegada ecolóxica é máis forte nos países subdesenvolvidos ca nos máis desenvolvidos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

O IDH dos países escandinavos é inferior ao dos países latinoamericanos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A economía circular propón a reciclaxe e o reaproveitamento dos refugallos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-


Commodities son, esencialmente, materias primas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Unha das grandes diferenzas entre países ricos e países menos desenvolvidos é o estado do benestar.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

8. Observa o seguinte [mapa](#) cos fluxos comerciais de 2015 a 2019 e distingue as principais áreas comerciais no mundo actual.



9. Indica cales dos seguintes países forman parte de MERCOSUR:

☐ Venezuela

☐ Bolivia

☐ Brasil

☐ Arxentina

☐ Colombia

10. Le o seguinte texto e indica a problemática que reflicte.

Fragmento de *Ouro, petróleo e aguacates. As novas veas abertas de América Latina*

“A extracción frenética de ferro aceleraba o esgotamento da reserva amazónica de Carajás, esa que os xeólogos da US Steel crían que duraría séculos. Xa se calculcaba que non quedaría nada para 2035. Pero os anos de bonanza e grande rendibilidade non se aproveitaran para industrializar nin incorporar actividades de maior valor engadido ás zonas mineiras de Minas Gerais e do Amazonas.(...) O ferrocarril levaba o ferro de Carajás ao porto de São Luís pasando por diante de pobos incomunicados nunha rexión amazónica na que o 42% da poboación non escapara aínda da pobreza. (...) Como se a Amazonia fose unha semicolonia, “canto máis se exporta, máis pobre queda”, denunciou Gilberto de Souza no seu libro Amazonia.”

Traducido e adaptado de A. Robinson, *Ouro, petróleo e aguacates. As novas veas abertas de América Latina*.
Ed. Arpa, Barcelona, 2020.

11. Le as seguintes afirmacións e indica verdadeiro ou falso en cada caso:

Os países ricos apenas teñen débeda externa.



Verdadeiro



Falso

A débeda pública en países como España incrementouse por mor da pandemia de COVID-19.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O FMI presta cartos aos países en desenvolvemento coa finalidade de que se industrialicen e medren economicamente.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A condonación da débeda externa reduciría a situación de dependencia dos países máis empobrecidos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A soberanía dos países máis empobrecidos está lastrada polo neocolonialismo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os conflitos bélicos teñen efectos moi negativos sobre os capitais físicos dos Estados.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

12. Escolle, de entre as seguintes, exemplos de tensións xeopolíticas no mundo actual:

- ☐ A loita entre a URSS e os EEUU.
- ☐ A loita polo control dos recursos africanos.
- ☐ O apoio de EEUU ás ditaduras latinoamericanas.
- ☐ O interese de China por controlar as migracións no Mediterráneo.
- ☐ O control do océano Pacífico como área principal de intercambios comerciais.
- ☐ As guerras civís en Oriente Medio.

13. Completa o texto co termo indicado en cada caso:

tecnoloxía

productividade

subsahariana

infraestruturas

secas

Os problemas que afectan á África son variados:

As son recurrentes, a agrícola é feble, a falla de fertilizantes químicos é unha eiva, as (estradas, ferrocarrís, portos...) son deficientes e herdadas da época da colonización, e a da información é escasa.

14. Cales dos seguintes elementos funcionarían como solucións ao subdesenvolvemento?

- ☐ O empoderamento das mulleres.

- ☐ O incremento da explotación de recursos nos países empobrecidos.
- ☐ O incremento da axuda oficial ao desenvolvemento.
- ☐ A redución dos impostos ás clases ricas dos países desenvolvidos.
- ☐ A potenciación de políticas de redistribución da renda no interior dos Estados.

15. Sinala características xenéricas dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos na seguinte táboa:

	Países desenvolvidos	Países menos desenvolvidos
Maioritariamente emprazados en zonas temperadas do planeta.	☐	☐
Concéntranse en rexións como África tropical e países sen acceso ao mar.	☐	☐
Teñen forte produtividade agrícola.	☐	☐
Adoitan ser democracias consolidadas.	☐	☐
Moitos deles independizáronse no s. XX.	☐	☐
Viven preferentemente da exportación de commodities.	☐	☐

Reforza

16. Indica se cada unha das seguintes afirmacións é un risco do cambio climático antropoxénico ou unha problemática causada polo consumo crecente:

a. Perda de biodiversidade ➤

b. Sobreexplotación pesqueira ➤

c. Deforestación ➤

d. Incremento da contaminación atmosférica ➤

17. Completa o texto colocando os termos correctos nos ocios:

O desenvolvemento sustentable implica:

- sustentabilidade : hai que manter a calidade de vida global, buscando a igualdade nos eidos educativo e para toda a poboación;
- sustentabilidade : a natureza non é unha fonte inesgotable de recursos. Hai que velar pola súa e un uso racional da mesma;
- sustentabilidade : debemos impulsar o crecemento económico coa vista posta nunha mellor da riqueza.

sanitario

económica

distribución

ambiental

protección

social

18. Indica cales dos seguintes Estados pertencen aos emerxentes BRICS:

- | | | |
|---|----------------------------------|----------------------------------|
| ☐ Sudáfrica | ☐ Brasil | ☐ México |
| ☐ Gran Bretaña | ☐ India | ☐ Canadá |
| ☐ Xapón | ☐ Alemaña | ☐ Francia |
| ☐ Estados Unidos | ☐ Rusia | ☐ China |

19. Identifica os 3 países con menor IDH do seguinte grupo:

- | | |
|------------------------------------|-------------------------------------|
| ☐ Níxer | ☐ Canadá |
| ☐ Australia | ☐ Guatemala |
| ☐ España | ☐ Afganistán |
| ☐ Suecia | ☐ China |

20. Identifica a que lugares pertencen estas asociacións comerciais e aduaneiras:

- | | |
|----------|---------------------------|
| Mercosur | América do Norte e México |
| TMEC | SE asiático |
| ASEAN | Rusia e países da ex-URSS |
| CEI | América do Sur |

21. Escribe a palabra ou palabras que correspondan coas seguintes definicións:

- Tratado comercial que elimina totalmente os aranceis entre os países membros. ➤ _____
- Tratado comercial que supón a harmonización das políticas económicas dos países membros. ➤ _____

- c. Zona xeográfica correspondente a Asia central e Europa oriental.
Quen teña o poder nesa zona ostenta o poder mundial. ► _____

22. Indica cales dos seguintes termos están relacionados coa débeda externa:

☐ Banco Mundial

☐ Condonación

☐ Rimland

☐ Débeda soberana

☐ Migracións climáticas

☐ Nova ruta da seda

Amplía

23. Le o seguinte texto e indica a problemática da que fala. Xustifica a túa resposta.

Fragmento de *Ñamérica*


“Piketty consigna que en 1980, nas maiores economías do mundo —Estados Unidos, Europa, Rusia, China, India—, o dez por cento máis rico concentraba entre o 26 e o 34 por cento da renda dos seus países; en 2018 xuntan entre o 37 e o 56 por cento. (...)”

Ultimamente o mundo ñamericanizouse.”

Traducido e adaptado de Martín Caparrós, *Ñamérica*. Ed. Random House, Barcelona, 2021.



- 24.** Crea un mapa de coropletas no que se representen os 12 países que máis aportan en AOD en 2020, segundo os datos desta web.
- 25.** Para rematar a unidade, repasa de xeito divertido algúns dos termos que estudaches completando este encrucillado.



Glosario

Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados. É un organismo da ONU encargado da protección das persoas refuxiadas e desprazadas por persecucións e conflitos. Xestiona moitos campos de acollida de refuxiados que proveñen de áreas en guerra como Siria, Sudán do Sur...

Acuíferos

Formacións xeolóxicas constituídas por unha ou máis capas de rochas, capaces de almacenar auga. Son áreas permeábeis que almacenan auga por baixo da superficie.

Antropoceno

Nome dado á época xeolóxica que corresponde coa dos maiores impactos da actividade humana sobre os ecosistemas e a xeoloxía terrestre. Considérase que este impacto é moi importante desde 1950.

AOD

Axuda Oficial ao Desenvolvemento. É un tipo de doazón que conceden os Estados máis ricos e organizacións multinacionais a países e territorios menos desenvolvidos, coa finalidade de promover o desenvolvemento económico nos países máis empobrecidos.

Aranceis

Tarifa que paga cada mercadoría que atravesará unha fronteira. O prezo do arancel serve para encarecer os produtos de importación e reservar así o mercado interior para os produtos nacionais.

ASEAN

Asociación de Nacións do Sudeste Asiático. É unha organización supranacional que promove o intercambio comercial entre os Estados membros (Malasia, Indonesia, Brunei, Vietnam, Cambodia, Laos, Myanmar, Singapur, Tailandia e Filipinas).

AUKUS

Alianza militar estratéxica entre Australia, Reino Unido e Estados Unidos, asinada en 2021, coa finalidade de axudarse estes Estados a nivel militar e fortalecer o libre comercio nunha área (Asia-Pacífico) na que China incrementa o seu poder e influencia.

Banco Mundial

Organización internacional que promove a axuda aos países en desenvolvemento mediante empréstitos. Forma parte da estrutura organizativa da ONU.

Bidonville

Barrio urbano construído con materiais de refugallo, carente de servizos básicos como auga potable e electricidade. Son barrios de autoconstrución da poboación que migra do campo ás grandes urbes. Abundan en América Latina (favelas, ranchitos), África (slums e bidonvilles) e Asia. Están habitados por poboación pobre que vive moitas veces en condicións de marxinalidade. Son o exemplo máis característico da desigualdade urbana. Moitas veces emprázanse á beira de urbanizacións de luxo que marcan diferenzas moi severas entre ricos e pobres.

Biodiversidade

Variabilidade de organismos vivos de calquera tipo, incluíndo ecosistemas terrestres, mariños, lacustres... A biodiversidade abarca a enorme variedade de formas mediante as que se organiza a vida.

Cambio climático antropoxénico

Variación global do clima terrestre debida desde a Revolución Industrial aos impactos da actividade humana. Entre eles están o incremento de gases de efecto invernadoiro na atmosfera, coa consecuente ampliación de episodios de torrencialidade e vagas de calor que iso conleva. Cambio climático existiu sempre na historia da Terra, pero considérase que o cambio actual, moi rápido, é debido especificamente á actividade humana.

CEI

Comunidade de Estados Independentes. Comunidade supranacional formada por 9 das antigas 15 repúblicas da Unión Soviética (URSS). Un dos seus obxectivos fundamentais é o de fortalecer o comercio entre os Estados membros.

Centro/periferia

Modelo de análise da realidade económica no mundo, distinguindo entre países centrais (aqueles máis ricos e desenvolvidos) e Estados periféricos (países menos desenvolvidos, que están en relación de desigualdade cos máis ricos).

CFC

Clorofluorocarbonados, familia de gases empregados principalmente na industria da refrixeración e como compoñente de aerosois que permanecen longo tempo na atmosfera. A súa redución provocou un descenso do burato de ozono que fora tan severo nas zonas polares a finais do s. XX.

Combustibles fósiles

Produtos enerxéticos non renovábeis procedentes da extracción de biomasa de épocas pasadas. O carbón, o petróleo e o gas natural son os exemplos máis característicos. Causan a meirande parte das emisións de dióxido de carbono á atmosfera.

Comercio xusto

Movemento internacional que loita por unha maior xustiza global no económico, social, laboral, humano e ambiental. Promove as relacións comerciais estables, o respecto á liberdade sindical e o pago equilibrado das materias primas e produtos manufacturados nos países de orixe.

Commodities

Materiais tanxíbles que se poden mercar ou vender. Habitualmente asóciase coa idea de materias primas, esenciais para a fabricación de produtos manufacturados.

Condonación da débeda

Perdón ou quita da débeda dun Estado. Acto xurídico polo que un Estado acredor expresa a súa vontade de extinguir total ou parcialmente o seu dereito de crédito, sen recibir nada a cambio.

Consumismo

Tendencia a adquirir, consumir e acumular bens e servizos que, moitas veces, non son necesarios. É un fenómeno económico e social desenvolvido no s. XX, reforzado pola publicidade e plenamente identificado coa expansión do capitalismo.

Cuarto mundo

Expresión que fai referencia á poboación que vive de xeito marxinal, con

Débeda externa

É o conxunto de obrigas que ten un país con acredores que existen no estranxeiro. Pode ser pública —do Estado— ou privada. Médese moitas veces en porcentaxe sobre o PIB. No caso español, por exemplo, a débeda externa superou o 100% do PIB anual nos últimos anos. Isto significa que faría falla un ano de produción de bens e servizos para saldar a débeda externa do noso Estado.

Débeda pública

Tamén chamada débeda soberana. É a débeda total que mantén un Estado con investidores particulares ou con outro país. O Estado ten necesidade de endebedarse para realizar os investimentos necesarios en infraestruturas, sanidade, educación...

Deforestación

Redución da superficie forestal por mor do seu uso agrícola, gandeiro, mineiro ou industrial. É especialmente significativa nos bosques ecuatoriais e tropicais, como a Amazonía de América do Sur.

Economía circular

Modelo de produción e consumo que implica reutilizar, reparar e reciclar materiais e produtos tantas veces sexa posible na súa vida útil. A economía circular implica a diminución de residuos ao mínimo, así como o reaproveitamento de todos os bens.

Empoderamento das mulleres

ODS destinado a incrementar a participación das mulleres en todos os aspectos da vida persoal, social e política. O obxectivo é combater a fenda de xénero e potenciar a igualdade en todos os ámbitos da sociedade.

Estado do benestar

Conxunto de accións por parte do Estado (a través do goberno) en busca de redistribuír a riqueza e garantir un benestar xeral da poboación. A oferta de servizos gratuítos como a educación e a sanidade son exemplos concretos da acción do estado do benestar.

Estres hídrico

Escaseza de auga de calidade dispoñible por mor da sobreexplotación dos acuíferos ou pola contaminación das superficies fluviais e lacustres. Neste último caso, o risco de eutrofización (aumento de algas e redución da osixenación da auga) é un dos máis importantes.

Exportacións

Conxunto de bens e servizos vendidos por un país en territorio estranxeiro para a súa utilización no territorio de destino.

FMI

Fondo Monetario Internacional. Organismo composto por case todos os países do mundo. É unha institución ligada á ONU, considerada o eixo do sistema monetario a nivel internacional. Supervisa as economías dos distintos Estados e propón medidas para facilitar a estabilidade das mesmas.

Gueto

Barrio ou lugar illado en contornas urbanas, no que as persoas habitantes son dalgunha minoría étnica, social, relixiosa... Tamén se fala de guetos cando se trata de barrios de exclusión social nos que impera a marxinalidade económica, moitas veces con problemas de supervivencia e delincuencia.

Gobernanza

Xeito de gobernar que ten como obxectivo acadar un desenvolvemento económico e social duradeiro, mantendo o equilibrio entre o Estado, a sociedade civil e o mercado.

Heartland

Segundo a teoría do xeógrafo Mackinder, é a rexión central do mundo. A teoría establece que quen teña o poder nesa zona da Terra (Asia Central e Europa Oriental) controlará o poder mundial.

IDH

Indicador da ONU para clasificar os niveis de desenvolvemento humano dos países do mundo. Para iso, aténdese ao ingreso per cápita (PIB), á esperanza de vida e ao nivel educativo.

Igualdade de xénero

ODS da ONU que implica o recoñecemento de igualdade de dereitos, liberdades e oportunidades para mulleres e homes, nenas e nenos. O avance cara á igualdade é un obxectivo global: a fenda de xénero ponse de manifesto en sociedades machistas que non respetan a igualdade de oportunidades.

Importacións

Conxunto de bens e servizos mercados por un país en territorio estranxeiro para a súa utilización en territorio nacional.

Megaminaría

Industria químico-extractiva que xera graves impactos nos ecosistemas, contaminando reservas de auga doce. A remoción de terras modifica notablemente as paisaxes ás que afecta.

Mercosur

Organización comercial supranacional integrada por Arxentina, Bolivia, Brasil, Paraguai, Uruguai e Venezuela. Os acordos de integración rexional inclúen medidas de tipo comercial e político. En Sudamérica é a organización comercial con maior pulo.

Metrópole

Potencia que controla territorios explotados como colonias. Tamén fai referencia a unha cidade de influencia global. Porén, a relación metrópole/colonia expresa unha relación de dominio do primeiro territorio sobre o segundo.

Migracións climáticas

Traslado non voluntario realizado por poboación sometida a risco climático nas súas áreas de orixe. O quecemento global implica o incremento do nivel do mar e das secas extremas. Este novo tipo de migración ten risco de medrar severamente no futuro.

TMEC

Tratado comercial entre México, EEUU e Canadá. En 2020 este tratado substituíu o TLCAN (Tratado de Libre Comercio de América do Norte), que rexía as relacións

comerciais entre estes países desde 1994. O seu obxectivo é reducir os aranceis comerciais entre os tres países e facilitar a integración do mercado laboral entre os tres Estados.

Neocolonialismo

Control indirecto que exercen as antigas metrópoles sobre as súas excolonias. Os novos países independentes —sobre todo a partir do ano 1960— seguen sometidos aos ditados culturais, políticos, lingüísticos e, sobre todo, económicos, xa que os intercambios comerciais realízanse preferentemente coa metrópole e a implantación das grandes multinacionais das antigas metrópoles é preferente.

OCDE

Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos. Creada en 1960, promove a mellora económica e social dos países membros. Son, en total, 35 Estados que aglutinan case o 80% do PIB mundial.

ODS

Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, propostos pola ONU en 2015. Pretenden a mellora económica, social e ambiental das persoas, reducindo o impacto do cambio climático antropoxénico, a pobreza, as desigualdades e fendas de xénero... Estes obxectivos teñen a finalidade de mellorar a prosperidade mundial para 2030.

OMC

Organización Mundial do Comercio que ten por obxectivo a liberalización do comercio internacional entre todos os países do mundo. Creada a finais do s. XX, é un dos piares da globalización económica.

ONU

Organización das Nacións Unidas. É organismo xurdido despois da Segunda Guerra Mundial para tratar de promover a paz mundial e o desenvolvemento. Está composta por unha Asemblea Xeral que ten unha reunión anual dos case 200 representantes dos Estados membros. A intervención para solucionar conflitos internacionais depende do Consello de Seguridade, composto por cinco membros permanentes (Estados Unidos, Rusia, China, Francia, Gran Bretaña) con dereito de veto.

Países emerxentes

Aqueles que evolucionan de ser economías empobrecidas ata converterse en países desenvolvidos. Actualmente, os países emerxentes inclúen unha parte significativa dos membros do G-20 e os BRICS (Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica).

Pegada ecolóxica

Medida do impacto humano sobre o planeta Terra. Calcula a superficie ecoloxicamente produtiva necesaria para producir os recursos consumidos por cada habitante —segundo o seu consumo— e a que se precisa para absorber os residuos que xenera. O seu cálculo indica cantos planetas Terra serían precisos para manter o nivel de vida individual da persoa que calcula a súa pegada ecolóxica.

Revolución verde

Incremento da produtividade agrícola e dos alimentos producidos entre 1960 e 1980 en distintos lugares do mundo. O aumento da produtividade conseguiuase grazas ao uso de sementes seleccionadas, ao incremento da mecanización, ao uso de fertilizantes e praguicidas, ao tempo que tamén medrou a superficie de regadío.

Rimland

Sobre a base da teoría do Heartland, Spykman sinalou a importancia —para acadar o control do poder xeopolítico mundial— de controlar o “anel continental” euroasiático. O Rimland sería, pois, a contorna euroasiática do Heartland.

Seguridade alimentaria

Que un territorio manteña a súa seguridade alimentaria implica que a poboación dese territorio ten suficientes recursos para alimentarse e carece de desabastecemento.

Soberanía

Poder político supremo que corresponde a un Estado independente, sen interferencias externas.

Terras raras

Grupo variado de elementos químicos polo xeral pouco abundantes, aínda que esa non é unha propiedade de todos eles. Moitos son minerais críticos de uso habitual nas industrias de tecnoloxía avanzada. A súa distribución no planeta é moi desigual.

Unión aduaneira

É o tratado comercial que elimina totalmente os aranceis entre os países membros. O Benelux (acordo entre Bélxica, Holanda e Luxemburgo) foi un exemplo histórico avanzado disto.

AfCFTA

Acordo de Libre Comercio Continental Africano. De recente creación, en 2021 xurdiu este espazo comercial, o maior do mundo, un mercado único de produtos e servizos que substitúe a nivel comercial o tratado da Unión Africana vixente ata o momento. Trátase da organización africana sucesora da OUA (Organización para a Unidade Africana), creada en 2002. Pretende seguir o modelo da UE de cara a integrar economicamente á maior parte dos países do continente. Tamén promove os investimentos estranxeiros no territorio.

Unión económica

É un tratado comercial internacional que supón a harmonización das políticas económicas dos países participantes. A Unión Europea (UE) é o exemplo máis logrado, con fronteiras intanxibles, permeables, moeda común e política económica regulada polo Banco Central Europeo (BCE).

Unión Europea

Entidade xeopolítica integrada por 27 países europeos, que empezou a andar coa sinatura do Tratado de Roma en 1957. Desde 1992, co Tratado de Maastricht, existe esta denominación. Conleva a existencia de institucións propias, moeda única común (o euro) e política exterior coordinada.

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2021

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Félix Longueira Fafián, Xosé Antón García González, Darío Doval Blanco, Ana María Regueira e Rosalía Regueiro Méndez.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2021.

ISBN: 978-84-18513-38-1